

Docentes Feministas pola Coeducación (DoFemCo) nace da necesidade de recuperar unha educación libre de estereotipos sexistas. Desde DoFemCo avogamos por unha crianza e educación baseadas no respecto ao libre desenvolvemento das e dos menores. O noso obxectivo é erradicar actitudes sexistas desde a infancia e facilitar, así, a igualdade efectiva entre homes e mulleres. Para iso debemos aprender a nenas e nenos:

- Que as súas capacidades non están limitadas polo seu sexo.
- A detectar e evitar actitudes tóxicas e situacións de maltrato para poder relacionarse de igual a igual en calquera contexto, xa sexa de amizade, de parella, de estudos ou laboral.
- Que as mulleres non son obxecto de consumo, venda ou alugueiro.

Os recentes eventos nas leis e educación españolas, como a posta en marcha de protocolos educativos que avogan pola detección temperá da denominada “infancia trans”, poñen de manifesto a necesidade da volta ao sentido común. Como docentes feministas, non cremos que as identidades dos nenos e nenas definan o seu sexo; como docentes pola coeducación, fuximos de estereotipar gratuitamente aqueles comportamentos dunha infancia sa e libre que se manifestan fóra dos prexuizos dos adultos.

A coeducación nace da necesidade de acadar a igualdade efectiva entre mulleres e homes a través dunha educación respectuosa e libre de sexismo. Por iso, vemos non só innecesario, senón, ademais, daniño, que se inste aos e as docentes a “detectar” nenos e nenas trans nos protocolos educativos que se están levando a cabo en varias comunidades autónomas; máxime cando dita detección se basea en comportamentos tan simples e normais como que a un neno lle guste xogar con bonecas ou que unha nena queira xogar ao fútbol.

Así mesmo, mostramos o noso rexeitamento e preocupación cara a que esa detección vaia encamiñada a unha posible administración de hormonas e cirurxía dirixidas a estes menores de idade. De feito, resulta preocupante que se tome en conta a palabra destes menores á hora de iniciar a súa transición, cando, como educadoras, sabemos que non son o suficientemente maduros nin teñen as capacidades cognitivas necesarias para tomar decisións que lles afectarán para sempre. Preocúpannos tamén aqueles pais e nais que non desexan este proceder para as súas fillas e fillos, pero que, ante a ameaza de institucións e xuíces, se vexan na obriga de ceder para evitar a perda da custodia.

Cremos que os protocolos educativos para detectar a suposta infancia trans só reforzan o sexismo e poñen en perigo a saúde psíquica, emocional e física dos menores de idade ao noso cargo. En consecuencia, non contemplamos a posibilidade de que se nos obrigue a formar parte do mecanismo que se pon en marcha cando un neno ou unha nena expresa o desexo de realizar actividades ou manifestar gustos que non se asocian ao que socialmente se agardaría deles polo seu sexo.

En definitiva, cremos nunha sociedade de cidadáns e cidadás libres capaces de establecer relacións sas e, para logralo, loitamos e traballamos dentro e fóra das aulas. Desexamos que o noso alumnado forme parte activa desa sociedade máis xusta e igualitaria, onde o sexo non determine a súa posición no mundo nin limite as súas capacidades.